

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	Educación Artística	Páx.	2
Curso / Ciclo	5º Nivel do 2º Ciclo de Educación Infantil		

CONTIDOS

- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión- cor, forma, liña, volumen, texturas- que lles permitan aos nenos e nenas desenvolver a súa sensibilidade artística
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias...

OBXECTIVOS

- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar...desde as súas ideas, sentimentos, emocións, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas

METODOLOXÍA

A hora de programas as actividades procuraremos:

- Partir dos intereses e necesidades dos nenos e nenas para conseguir unha actitude favorable cara as novas aprendizaxes e que estas sean significativas.
- propoñer actuacións dirixidas ás peculiaridades persoais e aos diferentes momentos evolutivos e ritmos de aprendizaxe
- Fomentar a comunicación e a interrelación entre os membros do grupo para desenvolver actitudes de colaboración, axuda e empatía.
- Desenvolver as actividades nun clima de confianza e participativo
- Levar a cabo actividades globalizadas que provoquen a entrada en funcionamento de tódalas capacidades
- Manter unha estreita comunicación coas familias para evitar situacións que producir inseguridade nos nenos e nenas

Respetando os seguintes principios metodolóxicos:

- Traballo por proxectos
- Preguntas abertas acerca de determinados feitos e situacións.
- Xogo como actividade propia de esta etapa.
- Afectividade como fio conductor da situación de ensinanza aprendizaxe

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación en educación infantil ten tres momentos principais que se desenvolven ao longo do curso escolar:

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

- Avaliación Inicial: neste momento faise unha detección do momento evolutivo no que se atopa o alumno/a.
- Avaliación formativa: ao longo do curso escolar iránse avaliando os progresos e dificultades do alumnado de cara a personalización do proceso de ensino aprendizaxe.
- Avaliación final: na que se detectará a evolución do noso alumnado.

Os criterios de avaliación propiamente ditos son os seguintes:

1. Fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación

Criterios de avaliación	CON DIFICULTADE	EN PROCESO	EN PROCESO	SEN DIFICULTADE
Fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación	Con algunha dificultad fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación	Sen gran dificultade fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación	Xeralmente fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación	Con facilidade fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación

2. Traballa con interese con calquera tipo de material

Criterios de avaliación	CON DIFICULTADE	EN PROCESO	EN PROCESO	SEN DIFICULTADE
Traballa con interese con calquera tipo de material	Amosa pouco interese no traballo con calquera tipo de material	Amosa algo de interese no traballo con calquera tipo de material	Amosa, na maioría das ocasións interese polo traballo con calquera tipo de material	Amosa bastante interese no traballo con calquera tipo de material

No 5º nivel do segundo ciclo de educación infantil, tal e como se reflexa na programación, os contidos de tipo actitudinal teñen un porcentaxe dun 28% e os contidos referidos a coñecementos e competencias dun 72%. A baremación de atipos de contidos irá reflexada no Boletín doo alumno/a.

A estratexía fundamental de avaliación é a **observación**.

A información que se obtera estará centrada en situacións de interacción cos compañeiros e compañeiras, cos materiais utilizados, cos espazos creativos, así como co resto da comunidade educativa.